



Nota de prensa

O servizo mantén o ritmo de crecemento

OS CONSUMIDORES ELIXEN EROSKI COMO O MELLOR SUPERMERCADO *ONLINE* POR QUINTO ANO CONSECUTIVO

- O seu negocio *online* duplicou o peso das súas vendas con respecto aos niveis prepandemia
- Durante o 2021 EROSKI *online* ampliou a súa oferta con máis de 3.000 novas referencias para asegurar a máxima cobertura de necesidades do cliente
- O supermercado *online* de EROSKI foi certificado coa máxima cualificación de seguridade de Qualys (A+)

Elorrio, 27 de outubro do 2021.- Un ano máis, por quinta ocasión consecutiva, os consumidores outorgáronlle a [EROSKI](#) o galardón 'WebShop do ano' na categoría de supermercados *online* na undécima edición dos [Premios Comercio do Ano 2021-2022](#). Trátase do maior certame de consumidores de España e dun dos maiores estudos de mercado do sector do *retail*. Na votación, as persoas consumidoras valoraron o seu grao de satisfacción e valoración global do supermercado respecto a variables como a relación calidade-prezo, a amplitude da oferta, o servizo ao cliente, a entrega de pedidos, as promocións e ofertas, as modalidades de pagamento ou a experiencia do usuario, entre outras.

O modelo de negocio en liña de EROSKI ofrece unha proposta axustada ás expectativas do consumidor actual. Este modelo reforzouse coa crise sanitaria provocada pola COVID-19 e mantén o seu ritmo de crecemento. *"No 2021 duplicamos vendas sobre as cifras prepandemia. Case a metade dos novos clientes que elixiron o supermercado EROSKI en liña durante o confinamento quedaron connosco"*, detalla a directora de Negocio *Online* de EROSKI, Mari Mar Escrig.

Mellora continua: ampliación de oferta e certificación en seguridade

O supermercado EROSKI *online* conta con máis de 15.000 referencias de alimentación e frescos, e durante este ano ampliou a variedade á venda con máis de 3.000 referencias de non alimentación para asegurar a máxima cobertura das necesidades do cliente na súa cesta da compra. Ofrece a máxima oferta comercial ao

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*



mesmo prezo e coas mesmas promocións ca nas tendas para garantir unha experiencia de compra uniforme en todas as canles.

Ademais, coa implantación dunha versión avanzada do protocolo TLS, EROSKI *online* acadou a máxima cualificación de seguridade de Qualys (A+). *“A seguridade foi historicamente unha das principais barreiras de entrada ao comercio electrónico. En EROSKI online reforzamos os niveis de seguridade coa implantación de protocolos avanzados que Qualys, compañía líder en solucións de seguridade, certificou coa máxima cualificación”*, explica a directora de Negocio *Online* de EROSKI.

Supermercado omnicanal

Ademais, EROSKI continúa a reforzar a súa aposta omnicanal. Recentemente espallou a modalidade de entrega de pedidos *online* cos portelos intelixentes a Biscaia. Concretamente, o servizo atópase dispoñible no seu hipermercado EROSKI Artea en Leioa. Trátase dun sistema que fortalece a súa proposta de puntos de recollida de pedidos nesta comunidade e que EROSKI xa instalou no 2020, de maneira pioneira, na distribución no País Vasco, no seu hipermercado de Arrasate-Mondragón (Guipúscoa). *“A experiencia deste sistema de recollida de pedidos en liña a través dos nosos portelos intelixentes en Arrasate-Mondragón foi valorada como excelente polos nosos clientes. Aprecian especialmente a comodidade que ofrece ao poderen adaptar a recollida aos seus horarios e a gratuidade do servizo”*, aclara Escrig.

O modelo de negocio en liña de EROSKI ofrece unha proposta axustada ás expectativas do consumidor actual. Trátase dun supermercado rápido e eficiente, adaptado a calquera dispositivo para mellorar a experiencia de compra dos seus clientes, que ademais conta con facilitadores (compras de tenda física, últimos pedidos, listaxes, etc.) que axudan a facer a compra en pouco tempo. Ademais, EROSKI dispón de catro modalidades de entrega de pedidos en liña. A tradicional de entrega a domicilio, e é o único operador que ofrece este servizo no 100% do País Vasco, Navarra e Baleares, e que ademais conta cun servizo de entrega no día en tan só unhas horas. Tamén, para os clientes que non poden agardar na casa, conta cunha rede de 45 puntos de recollida cun mix de canles: a pé en tenda, no coche e en portelos intelixentes; todos eles gratuítos e cun servizo de entrega en menos de 4 horas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)